

## PROXECTO LECTOR DO CENTRO 2020/2021

### XUSTIFICACIÓN E CONTEXTUALIACIÓN

O CRA Raíña Aragonta é un centro formado única e exclusivamente polo segundo ciclo de infantil. Neste senso, deseñamos un proxecto lector adaptado a estas idades tendo en conta a nosa integración este ano no PLAMBE e a nosa condición de centro Plurilingüe.

O proxecto lector é o programa que integra as actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave. O noso obxectivo principal é **fomentar o uso e pracer da lectura**. Explorar todas as posibilidades da lectura: en calquera soporte, en calquera formato, con calquera finalidade; lecturas textuais e icónicas; imaxes fixas e en movemento; lecturas individuais e lecturas compartidas, en silencio ou en voz alta; lectura de ficción e de información; lectura libre e guiada; lectura que nos axude a comprender mellor o noso mundo e lectura que nos axude a entender o mundo dos outros. Trátase de que vaian adquirindo un hábito e un espazo lector.

A recta final do pasado curso 2019/20 tivo un carácter excepcional e singular co estado de alarma decretado por mor da COVID-19 e o inicio do presente curso 2020/21 vén marcado polo alerta sanitaria, que segue a ser unha realidade. Neste senso, temos que adaptar a nosa biblioteca, os recunchos de lectura ou as bibliotecas de aula e garantir o acceso aos libros e diferentes materiais. Así pois, a biblioteca conta cos seus protocolos de adaptación á “nova normalidade” que requiren do esforzo, responsabilidade individual e accións colectivas para recibir á comunidade educativa nas condicións máis seguras.

### OBXECTIVOS

Presentamos os obxectivos que pretendemos acadar neste curso:

- Pescudar nas lecturas que convidan a viaxar, a explorar, a investigar. Lecturas que nos permiten chegar lonxe sen movernos da escola (ou da casa no modelo de ensino non presencial).
- Potenciar un uso activo, responsable e autónomo dos libros.

- Observar e analizar en que cambiou a nosa xeografía lectora durante o período de confinamento (os nosos hábitos, as nosas lecturas...).
- Entender a biblioteca como un centro de recursos e oportunidades para a lectura, a aprendizaxe e a información; un espazo creativo de aprendizaxe e viveiro de cidadanía.
- Integrar nas nosas metodoloxías as fontes informativas, en calquera soporte (impreso ou electrónico) no tratamento dos contidos curriculares.
- Fomentar os hábitos de escoita, concentración e calma durante o hábito lector.
- Potenciar o uso da biblioteca como compensadora de desigualdades e atención á diversidade.
- Traballar co proxecto documental integrado AluCine a través de tarefas integradas e desenvolvendo actividades transversais que fomenten o uso das tecnoloxías e a alfabetización mediática e informacional.
- Achegar ao alumnado os recursos en distintas linguas: galego, castelán e inglés.
- Programar actividades en colaboración con outros centros e o Concello de Salceda, que susciten interese pola lectura.
- Seleccionar os libros axeitados para a súa idade e que traballen diferentes tipos de valores fomentando a igualdade entre os xéneros e o respecto pola diversidade.
- Involucrar á comunidade educativa nas actividades e no desenvolvemento de actitudes favorables á lectura utilizando diferentes estratexias e canles de comunicación.
- Dinamizar o blog da biblioteca e o uso de recursos diversos como medio para o traballo transversal dos contidos e o desenvolvemento da alfabetización informacional e as tecnoloxías da comunicación.
- Fomentar o uso da biblioteca entre as familias e poñer en marcha un catálogo virtual que lles sirva de referencia e se adapte aos posibles cambios en función da situación sanitaria.

## **METODOLOXÍA**

### **Organización espazo-temporal**

No presente curso 2020/21 seguindo o protocolo COVID-19 o uso dos espazos e tempos reorganízase para adaptalos ás medidas sanitarias decretadas.

A biblioteca da sede estará aberta durante todo o horario lectivo. Para facilitar a utilización e organización da mesma, existe un cadro de horario onde o profesorado pode apuntarse. Tamén seguirá abrindo os martes de 16:00 a 17:00 para o préstamos ás familias con medidas especiais deseñadas para a adaptación ao protocolo.

Para as bibliotecas de parroquias, o titor/a deberá xestionar a súa biblioteca de aula. É obrigatorio cumprir con todas as normas e adaptación aos protocolos, así como a ventilación axeitada da mesma.

A biblioteca escolar da sede está adaptada ás novas normas e usos atendendo ás instrucións do 1 de setembro de 2020 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos en relación coa organización e o funcionamento das bibliotecas escolares durante o curso 2020/2021.

Con respecto aos espazo, organizáronse atendendo aos distintos escenarios, o aforo máximo, as condicións de préstamos, as actividades a realizar dentro da biblioteca, así como as medidas hixiénicas imprescindibles para a súa utilización. Farase difusión a través da páxina web, claustro, consello escolar e das titores/as para que toda a comunidade educativa sexa informada.

A biblioteca escolar debe seguir sendo, na medida do posible, o espazo de referencia para a lectura, a información e as aprendizaxes. O seu funcionamento supeditarase, en todo caso, ás pautas ditadas pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para o conxunto do centro educativo.

Os espazos principais da biblioteca atópanse descritos na páxina web do centro pero podemos resaltar tres importantes na sede:

Amplo espazo de cinco postos para distribuír ao alumnado no seu grupo estable de convivencia. ( As aulas de parroquia dispoñen do seu espazo particular.)

Recuncho maker. (As aulas parroquias dispoñen dunha maleta cos diferentes recursos e materiais para levar as súas aulas)

Espazo virtual: páxina web.

As lecturas procederan, en calquera caso, dos fondos da biblioteca porque só nese caso podemos asegurar os mínimos esixibles de pertinencia e calidade contrastada. A nosa proposta é ofrecer, ensinar, dar a coñecer, favorecer, facilitar... para orientar e educar o gusto lector do alumnado. Serán os/as mestres/as titores/as quen, na hora semanal que teñen asignada, acompañen ao seu alumnado á biblioteca para coñecer intereses, gustos, preferencias lectoras, mergullándonos na xeografía lectoras de cada un.

### **Actividades**

Lévanse a cabo moitas actividades promocionadas dende o Equipo de Biblioteca e Dinamización Lingüística e coa implicación directa ou indirecta dos outros equipos, de profesorado, alumnado e familias. Algunhas delas son:

- Realizar un proxecto de centro proposto dende a biblioteca.
- Realizar préstamos de libros ao alumnado, familias e profesorado.
- Adquirir novo material para a biblioteca tendo en conta aspectos como: intereses do alumnado, proxecto de centro, formación do profesorado, interese das familias, etc.
- Empregar a mascota da biblioteca como fío condutor e motivador da lectura.
- Dotar dun número maior de maletas viaxeiras para as aulas de sede e parroquias.
- Hora de ler: cada titor/a establecerá un tempo determinado para a lectura diaria na aula.
- Familias lectoras: crear sección na páxina web fomentando a lectura entre as familias a través de contos, vídeos, conexións webex, etc.
- Biblioconexións: establecer conexións con outras bibliotecas escolares ou públicas.
- Bibliocine: crear un recuncho de cine dende onde se propoñan diversas actividades.
- Utilizar o Recuncho Maker: material dirixido para traballar na biblioteca ou nas aulas. Na páxina web colgaranse propostas sobre experimentación, creatividade, robótica, xogos interactivos, etc. Tamén proporcionarase material ao alumnado sen conectividade.

- Actividades sobre conmemoracións e festividades: día das Bibliotecas Escolares, Samaín, Magosto, Entroido, Día contra a Violencia de Xénero, día da Declaración dos Dereitos Humanos, etc. (Seguindo a orde pola que se aproba o calendario escolar.)

### **Recursos persoais e materiais**

Como recursos persoais podemos mencionar:

- O alumnado, principal axente que executa e recibe o acto lector e protagonista de todas as propostas.
- As familias, que teñen un importante papel na motivación, no desenvolvemento e na consolidación de hábitos lectores e que de forma progresiva iranse incorporando e animando a colaborar nas actividades de lectura.
- O profesorado e os diferentes equipos que proporcionan as estratexias necesarias para a adquisición das competencias lingüísticas, para aprender a aprender, motivación para a lectura e a escritura e propostas de actividades varias.
- Persoas do entorno que colaboren en diferentes actividades: ilustradores, contacontos, escritores...

Entre os recursos materiais están:

- A biblioteca escolar na sede e as diferentes bibliotecas de aula.
- Ordenador, tablet, pizarra dixital, escornabot, fondos bibliográficos en distintas linguas, material audiovisual e manipulativo.

### **Medidas de atención a diversidade e inclusión**

Estas medidas son as mesmas deseñadas por cada titor/a ou mestre especialista en colaboración co Departamento de Orientación para a súa aula. Primeiro deberán identificar as necesidades e as estratexias metodolóxicas que van a utilizar (apoio, reforzo, espazos, fortalezas, necesidades individuais, tempos, etc.) Neste senso, é moi importante a información, comunicación e colaboración entre mestres/as e equipos para que as actividades se adapten a todas as realidades.

## AVALIACIÓN

Este plan defínese polo seu carácter flexible e de avaliación continua. No caso de ser preciso, realizaranse as modificacións oportunas. Debemos ter en conta Debemos os diferentes escenarios que se nos presenten dependendo da situación sanitaria.

Partimos dunha **avaliación inicial** e valoración e análise dos obxectivos non adquiridos no curso anterior debido á pandemia. Para isto, seguimos as indicacións da Asesoría de Bibliotecas Escolares. É necesario deternos e observar o noso traballo neste escenario.

Valoraremos as fortalezas e debilidades deste proxecto dentro das reunións de equipos e as aportacións da comunidade educativa.

Para a avaliación utilizaremos as propostas de mellora plantexadas pola comunidade educativa e para a nosa autoavaliación utilizaremos a seguinte rúbrica:

Aspectos a valorar	Valoración de 0-4					observacións
	0	1	2	3	4	
Recolle propostas para o traballo coa lectura.						
Mellora a competencia lingüística do alumnado.						
Os equipos fan achegas e asumen o seu compromiso						
Implicación das familias.						
Grao de aproveitamento e goce dos recursos da BE						
Préstamos realizados.						
Incremento de fondos e difusión.						
Nivel de consecución dos obxectivos.						
Satisfacción alumnado, profesorado e familias.						
Proponse a alfabetización múltiple.						
Aténdese á diversidade.						

Coas aportacións elaborárase unha memoria final onde se recollan os resultados e as propostas de mellora.